

## ANEXO II

### DECLARACION RESPONSABLE

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_ e con enderezo a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_,

FORMULO AS SEGUINTEs DECLARACIÓNs en relación coa Convocatoria do Programa de axudas municipais de Arteixo á contratación para o ano \_\_\_\_\_.

1º.- DECLARACION RESPONSABLE en relación con non estar incurso nas prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario de subvencións:

- Non ter sido condenado mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Non ter solicitada a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente por calquera procedemento, atoparse declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal sen que concluirea o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Non ter dado lugar, por causa da que fora declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís, aqueles que ostenten a representación legal de outras persoa xurídicas ou calquera dos membros de comunidades de bens ou outras agrupacións de persoas nalgún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de Incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- Non ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Non ter pendente o pago de obrigas por reintegro de subvencións.

## ANEXO II (continuación)

- Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións ou na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria. Así mesmo, declara non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin o/os socios).

2º.- DECLARACIÓN RESPONSABLE sobre o cumprimento dos requisitos establecidos na Convocatoria, aceptando as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento da Concellaría de Promoción Económica.

Ao mesmo tempo AUTORIZO ao Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo:

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT e co Concello de Arteixo, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Departamento de Promoción Económica, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Arteixo que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Departamento de Promoción Económica, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. Este Departamento, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais. É, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprometéndose a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Departamento de Promoción Económica, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. O Departamento de Promoción Económica, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercitar os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Departamento de Promoción Económica, advertindo das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente sancionador.

E para que así conste, asínase o presente en Arteixo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo. \_\_\_\_\_